# 2. INTRODUCIÓN

## 2.1. O PROXECTO MARISMA

O turismo foi sen lugar a dúbidas un dos fenómenos máis relevantes da sociedade do século XX, converténdose a escala mundial, nunha das actividades económicas que máis auxe acadou, creando incluso dependencias económicas deste sector a nivel nacional. O caso español constitúe un dos exemplos máis claros neste sentido, onde a economía a partir dos anos 60 se viu enormemente impulsada a través das divisas aportadas polos visitantes foráneos, chegando a converterse no primeiro sector económico do país.

No presente século, cos trocos operados no panorama internacional debido ao fenómeno da globalización e á popularización das actividades turísticas, os patróns da demanda experimentaron fortes diferenciacións con respecto ao pasado. O visitante actual xa non ten un perfil tan marcado como antes e xa no se conforma con estar tombado todas as súas vacacións na praia, esixindo a existencia doutras opcións de calidade que complementen o seu tempo de lecer.

Diversifícase así a actividade turística, na procura de propostas específicas baseadas nos atractivos existentes nas áreas de estudo. Neste senso, no caso concreto da Enseada, o seu feito diferencial e competitivo ten dous polos principais, sobre os que incidiremos ao longo deste estudo: o seus valores naturais, e a súa ampla e diversa riqueza cultural, conformadores dunha paisaxe cultural moi singular que aínda está por explotar.

**Principais actuacións dentro do PROXECTO MARISMA**

O Estudo de potenciación turística da Enseada de San Simón concíbese inicialmente coma una actuación dentro do apartado de promoción económica dun proxecto marco denominado MARISMA (Mellora Ambiental y Rexeneración

Integral da Marisma, Redondela, Pontevedra). Por medio do cal o Concello redondelán, con axuda de fondos europeos FEDER, promove, unha actuación global na desembocadura dos ríos Alvedosa, Pexegueiro e Maceiras, moi preto do casco urbano de Redondela. orientada a recuperar o antigo humedal, tanto dende o punto de vista ambiental como dende o económico e o social. Co obxectivo final de poñer a disposición da cidadanía un lugar de esparcemento saudable e dotado de renovados e diversos servizos.

Como se expresaba no inicio desta introdución, o turista actual busca ademais de sol e praia outro tipo de alicientes para o seu lecer, a presentación dos recursos culturais non deberá dirixirse cara un público erudito, senón que deberá acondicionar o seu discurso ao público en xeral, buscando a súa educación e a súa sensibilización, especialmente, dos menores.

No estudio deberá terse ademais en consideración que o potencial turístico deste contorno xeográfico non pode estar cativo a unha soa época do ano, deberá tentarse que a oferta abranga a máis espazos temporais que os estivais.

A explotación turística da Enseada é especialmente atractiva para os visitantes de fora de Galicia e sobre todo os de "terra a dentro", podendo ofrecerse unha panorámica do interior da Ría de Vigo dende o mar, a través de visitas guiadas en embarcacións axeitadas e acondicionadas para o público.

## 2.2. LOCALIZACIÓN

O espazo onde se desenvolve o traballo é a Enseada de San Simón. Este pequeno espazo mariño baña diferentes concellos das Rías Baixas: **Redondela, Soutomaior, Pontevedra e Vilaboa**, a maiores propúxose que se incluíse unha pequena parte do Concello de Moaña, parroquia de **Domaio**, polo interese estratéxico de que a ruta en barco e/ou rutas terrestres pola Enseada se acheguen ata a Ponte de Rande.

**Ámbito de traballo no fondo da ría de Vigo**

O proxecto que nos atinxe tivo unha **vocación principalmente redondelán**, xa que a explotación destes recursos realizarase e canalizarase dende o Concello de Redondela, principal foco xeográfico.

## 2.2.1. CONTEXTO DO ESPAZO XEOGRÁFICO DO TRABALLO

Toda a historia da Enseada está colmada de feitos históricos e artísticos de relevancia, entre os que cabe destacar a importancia xeográfica e histórica da Illa de San Simón, situada ao pé da praia de Cesantes; aínda que non son menos relevantes os feitos asociados á batalla de Rande, evento internacional, onde estiveron involucradas as maiores potencias militares e comerciais do mundo durante a Época Moderna, España, Francia, Inglaterra e Holanda (na contenda participaron máis de 20.000 persoas), ou a historia da Fábrica do Alemán, conservas Boyé, que recibe o seu nome de Otto Gerdtzen Boyé, que a mercou nos anos 40 do século pasado, e que estaría implicada tamén en feitos de transcendencia internacional asociados esta vez coa IIª guerra mundial.



O devir da historia deste entorno xeográfico, sumado á chegada da época contemporánea, coa proliferación de empresas e a industrialización, creou unha

verdadeira "Paisaxe Cultural" entendendo por esta, as paisaxes xurdidas como froito das transformacións provocadas pola xente que habita na zona e a propia industrialización. Esta singularidade xeográfica da Enseada faina exemplarizante do modelo económico e cultural das Rías Baixas galegas.

A Enseada representa para os Redondeláns e o resto dos municipios que baña, un recurso económico de primeira orde; sen contar aínda coas posibilidades a partir do desenvolvemento turístico individualizado das súas particulares características.

Por si isto non fora suficiente, o fito paisaxístico que representa a Enseada está ademais fornecido pola existencia dun ecosistema natural de excepcional valor. Incluído dentro da declaración de Rede de Natura 2.000, polas súas características naturais.

A Enseada de San Simón é un Lugar de Interese Comunitario (LIC, código ES1140016) que forma parte da Rede Natura 2000. A Comisión Europea aprobou a súa designación como LIC o 7 de decembro de 2004 xunto co resto das zonas da rexión atlántica.

Este LIC engloba un dos tipos de hábitats naturais ameazados de desaparición nos territorios dos Estados membros, cuxa conservación supón unha especial responsabilidade para a Comunidade segundo a Directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio de 1992.

En Galicia aprobouse con anterioridade a Lei 9/2001, de 21 de Agosto, de conservación da natureza (D.O.G. nº 171 de 4/9/2001. Pp 11.754-11.769) na que se establecen as distintas categorías de espazos naturais protexidos; entre eles atópase a Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN). Segundo o art. 16 desta Lei incluiríanse nesta categoría as zonas especiais de conservación que conformen a rede Natura 2000, e que non posúan outra figura de protección das establecidas na Lei, como é o caso da Enseada de San Simón.

As ZEPVN, así como todas as zonas incluídas na Rede Galega de Espazos Protexidos están protexidas pola Lei e toda a poboación e administracións teñen o deber de respectalos e conservalos e a obriga de reparar o dano que se lles cause.

A designación como ZEPVN implica que nestas áreas se poderán seguir levando a cabo de maneira ordenada os usos e actividades tradicionais que non

vulneren os valores protexidos. Para o resto das actuacións, incluíndo a de construción, será precisa a autorización da Consellería de Medio Ambiente.

Ademais incluirase a delimitación de áreas de amortiguamento de impactos que poderán ter carácter descontinuo e nas que se aplicarán medidas específicas.

Considerando este ecosistema como un espazo xeográfico en risco de alteración pola man do home, a planificación previa das visitas e o estudio das súas posibilidades deberá coidar e promoverá o seu desenvolvemento sostible.

## 2.3. OBXECTIVOS

O estudo trata de dar resposta ás diferentes posibilidades de implantación de servizos de carácter turístico na zona obxecto de recuperación. Tendo en conta as alianzas estratéxicas entre Turismo e Medio Ambiente e Turismo e Cultura. Indicando liñas de actuación que aproveiten as fortalezas dun espazo único.

Así, o obxectivo director do presente traballo consistiu en avaliar inicialmente o "Patrimonio Turístico" e os "Recursos Turísticos[1]" potenciais agochados na Enseada, como punto de partida ineludible para propoñer unha serie de accións que contribúan á diversificación do produto turístico da zona, ademais de crear unha serie de ferramentas pensadas para a súa correcta planificación e explotación por parte dos xestores municipais.

En último termo, a correcta implantación dos produtos resultantes, incitará eso que os economistas chaman "efecto multiplicador", entendido este como o efecto de aceleración en cadea que produce o turismo en todos os aspectos da actividade económica.

---

[1] Para aclarar a diferenza entre estes dous termos botamos man da tese de doutoramento de Calderón Vázquez, CALDERÓN VÁZQUEZ, Francisco José: Distrito turístico rural, un modelo teórico desde la perspectiva de la oferta. Especial referencia al caso andaluz. En www.eumed.net/tesis/2007/fjcv/, onde nos ofrece a distinción realizada pola Organización Mundial do Turismo (OMT) entre "Patrimonio Turístico" e "Recurso Turístico": entendendo por Patrimonio Turístico dunha área territorial determinada o conxunto potencial de bens materiais ou inmateriais a disposición do público e que poden utilizarse, mediante un proceso de transformación para a satisfacción das súas necesidades turísticas. Mentres que recursos turísticos son todos aqueles bens e servizos que fan posible a actividade turística e satisfán ás necesidades da demanda, mediante a actividade do home e dos medios cos que conta. Deste xeito, o patrimonio devén en recurso a través da actividade humana, que o fai utilizable dende unha óptica turística.

Destas intencións naceu a necesidade de satisfacer unha serie de obxectivos específicos:




**1. Creación dunha Base de Datos** xeorreferenciada e exhaustiva que incorpore e avalíe tanto o patrimonio turístico identificado coma os recursos turísticos que conforman o potencial da Enseada**.**

**2. Redacción dun proxecto de promoción turística** que poña en valor os recursos culturais e naturais existentes e recuperados dentro do Proxecto Marisma, coa pretensión de difundir os diferentes elementos do patrimonio turístico acochado na enseada, con fins didácticas, lúdicas e pedagóxicas

ofrecendo un significado aos elementos culturais representados, creándose unha rede de lugares potencialmente visitables.

**3. Estudos de viabilidade técnica** que analicen as condicións de navegabilidade e as posibilidades de rehabilitar a canle da marisma para o seu uso, permitindo a comunicación directa entre Redondela e a Enseada.

**4. Redacción dun programa sobre a posibilidade de incorporar rutas en barco pola Enseada de San Simón**, visitando a illa que lle da nome así como outros puntos de interese, como praias, municipios limítrofes, paradas gastronómicas...

**5. Proposta de posta en valor do patrimonio turístico da Enseada**, así, os seus propietarios particulares e o Concello de Redondela, verían cumprido o deber de poñer tódolos medios posibles ao seu alcance para a conservación e a difusión deste patrimonio. Mediante o deseño e a colocación de **sinaléctica** especifica para este traballo así como da **difusión** do mesmo a través de diferentes medios.

**6. Difusión e publicitación do traballo** mediante a inserción das súas conclusións principais na **páxina Web** do Concello de Redondela e a creación de **trípticos informativos** cos principais recursos da Enseada.

## 2.4. METODOLOXÍA

Coincídese con Leno Cerro[2] en coidar que a temática do turismo pode abordarse dende diferentes aspectos científicos: historia, dereito, economía, psicoloxía, antropoloxía... Para o nosa proposta tívose en conta unha óptica primordialmente enfocada cara á xeografía, concretamente ao estudio físico-xeográfico e socio-xeográfico do espazo concreto da Enseada de San Simón.

O estudio que se propón consistiu, primordialmente, na creación dunha base de datos sobre todo o patrimonio turístico da Enseada, envorcando nela toda a información que atinxe aos elementos que a conforman, en relación a todas as súas características posibles, xeográficas, naturais, económicas, legais, etcétera.

O modelo de traballo inspirarase no modelo de Leno Cerro[3], baseado sobre todo na identificación dos recursos como método de planificación, diferenciando esta identificación en dúas partes:

1. Baleirado dos recursos: identificación e inventariado
2. Avalición dos recursos

A metodoloxía céntrase fundamentalmente na consideración do patrimonio turístico no proceso de planificación dende a dobre vertente de identificación-inventario e avaliación, como paso previo para establecer a planificación turística do lugar.

---

[2] LENO CERRO, Francisco: La avalición de los recursos turísticos, el caso del Canal de Castilla, Tomos I e II. Editorial da Universidade Complutense de Madrid. Madrid 1990 e LENO CERRO, Francisco: Técnicas de avalición del potencial turístico. MICYT, Centro de Publicaciones, D.L. Madrid, 1993

[3] Opp. cit. 2

Leno Cerro estableceu[4] unha redefinición do concepto de "recurso turístico", dividindo o termo en dúas diferenciacións, por un lado estaría o "Recurso Básico", entendido este como aquel que constitúe o soporte das actividades que sustentan o desenvolvemento turístico; e por outro lado, os "Recursos Complementarios", que contribúen a aumentar e diversificar o atractivo do recurso básico, incrementando o potencial turístico da zona. No noso caso o recurso básico trataríase da propia Enseada de San Simón que contaría con numerosos recursos complementarios de diversa natureza (Fabrica do Alemán, Saíñas do Ulló en Vilaboa, Illa de San Simón...).

O traballo inspírase tamén nos estudios realizados por Vivian Fernández Martín[5], que elabora os inventarios tentando establecer unha xerarquía entre os recursos, clasificándoos segundo a súa natureza e función, para rematar establecendo as necesidades da demanda, da comercialización e a diagnose do estado dos recursos turísticos e dos servizos asociados a eles.

O proceso de avaliación realizarase partindo da valoración do recurso básico en base aos criterios de utilidade turística e custos de posta en explotación, sobre todo centrado en establecer a ruta en barco pola Enseada máis axeitada.

Aínda que consideremos que os outros municipios abranguidos pola Enseada teñan unha importante influencia dentro dos recursos complementarios e sobre todo nos equipamentos cos que poden contar para valoración da potencialidade da zona, o proceso de estudio centrarase no Concello de Redondela, xa que a posta en explotación terá a este concello como punto focalizador de toda a iniciativa (sen entrar neste intre na posible valoración que, a raíz do propio estudo, se poda facer de cara a obter novas fontes de financiación para a explotación dos recursos, derivadas de convenios ou busca de fondos de forma asociada ou coordinada cos outros municipios afectados).

---

[4] Opp cit 2.

[5] FERNÁNDEZ MARTÍN, Vivian: Estudio de los recursos turísticos para la diversificación de la oferta en destinos con vocación de sol y playa. Región de Caibarién. Instituto de Xeografía Tropical. A Habana 2004.

Todos os estudos consultados sobre valoracións dos recursos turísticos dunha área concreta, realízanse sobre o establecemento dunha xerarquización dos valores dos elementos estudados, unhas veces dirixidos cara a items de tipo xeográfico[6], outras sobre valoracións de tipo máis económico[7], etcétera. Sentindo que é necesaria esta clasificación dos recursos, a dificultade máxima radica na subxectividade dos sistemas de avaliación, sendo conscientes deste feito, tentouse a busca da maior obxectividade posible nas clasificacións sobre a importancia do patrimonio turístico presentado.

[6] Por exemplo, REYES PÉREZ, O e SÁNCHEZ CRIPÍN, Á: "Metodología para determinar el potencial de los recursos turisticos naturales en el estado de Oaxaca, México". En Cuadernos de Turismo 16. Universidade de Murcia 2005. Pp 153-173, establecen 5 xerarquías en función da interese nula, local, rexional, nacional, ou internacional do recurso, ou neste mesmo sentido LÓPEZ OLIVARES, Diego: La avalición de los recursos territoriales turísticos de las comarcas del interior castellonense (Comunidad Valenciana). En dialnet.unirioja.es

[7] FERNÁNDEZ MARTÍN, Vivian: Estudio de los recursos turísticos para la diversificación de la oferta en destinos con vocación de sol y playa. Región de Caibarién. Instituto de Geografía Tropical, La Habana 2004, establece para os recursos da rexión estudada, os criterios de sobreexplotación, uso correcto e subexplotación.

## 2.5. PROCESO DE TRABALLO

O estudo da Enseada desenvolveuse entorno aos seguintes eixes temáticos:

1. Estudo sobre o patrimonio turístico da Enseada, que incluíu:
    a. O patrimonio natural (terrestre e mariño)
        i. Estudio do patrimonio faunístico.
        ii. Estudo do patrimonio vexetal.
        iii. Estudio dos sitios naturais da Enseada (praias, xuncais, pastizais,...)
    b. Os patrimonio cultural
        i. Estudo do patrimonio arqueolóxico e cultural en referencia a Illa San Simón.
        ii. Estudo do patrimonio etnográfico, en relación coa explotación económica tradicional da Enseada: pesca, marisqueo,etc.
        iii. Estudo do patrimonio etnográfico, en relación ao patrimonio industrial acochado na Enseada.
        iv. Estudo do patrimonio arqueolóxico e cultural do litoral e outras illas da Enseada
        v. Outros recursos económicos e industriais actuais.
    c. Localización xeográfica do patrimonio acochado na Enseada
        i. Localización planimétrica dos recursos turísticos referenciados no estudo
        ii. Xeorreferenciación espacial dos datos
2. Estudo do Estuario dos Ríos Alvedosa e Pexegueiro, que incluíu:
    a. Investigación histórica e etnográfica sobre a navegación pola canle do río.
    b. Investigación sobre a explotación das areas dragadas do río.

   c. Viabilidade técnica e necesidades para a navegación actual sobre o canle da canle de desembocadura do Río Pexegueiro.
   d. Estudio histórico sobre os usos do Porto de Redondela
3. Estudo da ruta en barco pola Enseada de San Simón, que incluíu:
   a. Estudo administrativo e legal sobre a navegación pola Enseada, clasificación da área marítima; documentación e permisos necesarios; seguros; etc.
   b. Estudo sobre necesidades técnicas para a navegación, tipo de embarcacións máis axeitadas, de cara á navegación e de cara á accesibilidade universal; rutas, zonas de atraque e fondeado; etc.
   c. Estudo sobre a viabilidade económica dunha ruta en barco pola Enseada e proposta de establecemento da ruta.
4. Outras necesidades para o mantemento e o complemento da ruta en barco pola Enseada.
   a. Estudo de necesidades de marqueting.

O envorcado de toda esta información derivará no establecemento dun discurso de cara ás posibilidades turísticas da Enseada entorno a tres preguntas primordiais: Qué hai?; Qué ver?; Qué gozar?.

Os procesos de cada apartado no que se divide o traballo foron os seguintes:

### 2.5.1. Fase prospectiva, recollida de información

O traballo de documentación consistiu na consulta dunha variada serie de fontes: cartográficas, bibliográficas, fichas de catalogación existentes na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural,... coa fin de crear unha base de partida para o traballo de campo e deste xeito sistematizar o coñecemento previo que agora existe sobre o patrimonio da Enseada.

Ademais, durante esta fase provémonos do material gráfico necesario, fundamentalmente a cartografía que se consultaría e que logo se utilizaría a distintas escalas.

Ademais da cartografía foi consultada a seguinte documentación fotográfica:

1. Fotografía aérea. Consultáronse as bases de datos dos diferentes Concellos e de Consellerías na busca de fotografías aéreas dos elementos.
2. Documentación fotográfica antiga.

Unha vez tirada toda a información posible do traballo de documentación, e antes de organizala en fichas modelo para o seu uso no campo, estableceuse contacto con aqueles posibles **informantes locais** co fin de pechar este capítulo. Entendemos por tales, aquelas persoas que pola súa afección ou razóns de traballo, coñecen a realidade da zona obxecto de estudo.

Con este conxunto de datos, principiaría a visita sistemática de todos os elementos.

## 2.5.2. Traballo de campo, protocolo de actuación sobre os elementos

### 2.5.2.1. Localización e cotexo

Realizouse por medio dun traballo de campo intensivo e extensivo. A localización dos elementos complícase no caso de desaparición (por diferentes circunstancias); o estado actual do contorno onde se localizan; deficiencias nas fichas de inventario; etc.

Pasouse logo a cotexar ou contrastar a situación e o estado actual dos Bens

### 2.5.2.2. Delimitación cartográfica

Unha vez revisados e trasladados os datos a fichas, situáronse os elementos sobre planos do espazo xeográfico en cuestión.

### 2.5.2.3. Fotografado

Xeral e de detalle. Asemade, na medida do posible, fotografáronse os elementos dende a Enseada e a Enseada dende os elementos.

### 2.5.2.4. BD e ficha modelo

Tras as saídas a campo realizouse o envorcado de toda a documentación obtida, adaptándoa á tecnoloxía SIX a través da xeración dunha Base de Datos Espacial, creando unha ferramenta dixital que integra contidos de diversa índole: textuais, fotográficos e planimétricos.

A súa estrutura diferenza entre Recursos Turísticos (Patrimonio Cultural e Patrimonio Natural) e Servizos Turísticos (Hostalería, Deportes Náuticos, ...)

Cada un dos elemento incluídos nela xera a súa propia **ficha modelo**, ferramenta que supón unha síntese dos datos recompilados na fase de documentación e traballo de campo.

A elaboración do modelo de ficha formou parte do traballo para executar e tivéronse en conta os seguintes campos:

1. Identificación
    - a) Nome do elemento
    - b) Interese (arquitectónico, etnográfico,...)
    - c) Fotografías
    - d)Valoración turística
2. Localización
    - d) Localización (Concello, parroquia, lugar)
    - e) Coordenadas Xeográficas e UTM
    - f) Distancias dende Redondela
    - g) Accesos
    - h) Plano de situación
3. Datos tipolóxicos e culturais
    - i) Adscrición tipolóxica

j) Adscrición cultural

4.Características do elemento

k) Estado de conservación e necesidades

l) Descrición

5. Situación xurídica

m) Propiedade

n) Usos

ñ) Organismos responsables do seu mantemento e conservación

6. Características de cara á súa explotación como recurso turístico

o) Necesidades

p) Proxectos ou traballos existentes

q) Equipamentos e servizos achegados

r) Posibles horarios e calendarios de uso

7. Outros

s) Observacións

### 2.5.2.5. Traballo de gabinete

Consistiu no envorcado de toda a documentación obtida no campo, creación de fichas e inventario dos elementos catalogados.

Comprendeu a elaboración e sistematización de toda a información recollida na fase anterior.

Incluiu a localización xeográfica do patrimonio acochado na enseada, coa Xeorreferenciación espacial dos datos

#### 2.5.2.5.1. Xeorreferenciación espacial dos elementos

Toda a información obtida no inventario presentase xeorreferenciada, desta maneira, pretendemos que esa información se administre e inter-opere mediante o establecemento dunha infraestrutura de datos espaciais.

O uso de "Sistemas de Información Xeográfica (SIX)" demostrou en multitude de disciplinas a súa idoneidade para a xestión de datos xeorreferenciados, sendo unha ferramenta moi potente para a documentación, análise e presentación de resultados.

Durante a creación dun inventario xérase unha grande cantidade de información de natureza moi variada relacionada con cada elemento, para evitar os problemas de falla de conexión dos distintos tipos de información, ademais de administrar o seu grande volume e diversidade, dótase aos datos obtidos no rexistro, dun compoñente espacial, o que representa conseguir unha maior accesibilidade sobre eles, de xeito que poidan ser explotados posteriormente por calquera medio dixital, xa sexa mediante un sistema de información xeográfica, publicacións tradicionais ou un servidor de mapas en rede.

En termos xerais, as tres cuartas partes dos datos existentes son susceptibles de ser localizados no espazo, e polo tanto de ser integrados dentro dun sistema de información xeorreferenciado, e ser explotados por un SIX.

Unha definición de SIX é: "Sistema de hardware, software e procedementos elaborados para facilitar a obtención, xestión, manipulación, análise, modelación, representación e saída de datos especialmente referenciados, para resolver problemas complexos e, planificación e xestión. (National Center for Geographic Information and Anlisys, 1990). A información alfanumérica que administra un SIX está asociada a unha posición xeográfica e a un elemento ou entidade gráfica (punto, liña ou polígono) que a representa.

As posibilidades que ofrece unha información xeorreferenciada do patrimonio cultural e turístico mediante os SIX, permite o seu tratamento con outras capas de información como datos de poboación, pendentes, vías de comunicación; pero non só estes "atributos" do espazo, se non tamén con outros recursos, como imaxes, animacións, vídeo, voz e son, polo que nun ámbito xeográfico concreto constitúen como se dixo, unha ferramenta cun potencial moi importante para o estudo e a protección do patrimonio cultural.

Neste sentido, a metodoloxía deste apartado do traballo, centrouse especialmente, na transformación de ficheiros non xeorreferenciados a xeorreferenciados para a súa inclusión posterior dentro dun SIX.

O uso destes sistemas innovadores de xestión coordinada da información, cumpre o obxectivo de conseguir que os resultados do traballo contribúan a unha mellor ordenación do territorio (neste caso centrada na definición dun ámbito de traballo concreto, a Enseada de San Simón) e á valorización e xestión sostible posterior dos seus recursos.

Esta forma de traballo é converxente cunha iniciativa da Unión Europea: a iniciativa INSPIRE (The INfrastructure for SPatial InfoRmation in Europe initiative), que foi desenvolvida co propósito de facer dispoñible información xeográfica, de forma que permita a formulación, a implementación e a avaliación das actuacións no territorio. Baseada en estándares del OGC (Open Geographic Consortium) a información estará preparada para a súa explotación por múltiples plataformas.

-*Proceso do traballo de xeorreferenciación*

O traballo de xeorreferenciación fíxose seguindo o seguinte procedemento:

Podemos considerar tres partes:

**1. Deseño e implementación dunha Base de Datos de Patrimonio Turístico**
**2. Análise e explotación da información**
**3. Xeración de diferentes cartografías dos bens e contornos analizados**.

**1. Deseño e implementación dunha base de datos de Patrimonio Cultural**.

O ámbito territorial obxecto do traballo permite seleccionar unha serie de bens que son os que se integrarán na base de datos espacial.

Elabórase unha ficha de inventario de bens que permite a inclusión da súa información espacial e alfanumérica con datos sobre a localización xeográfica, identificando a información administrativa, coordenadas xeográficas e de accesos.

Un segundo grupo de atributos deben incluír datos de identificación cultural e tipolóxica, así como a súa descrición e contorno. En todo caso tamén calquera outro dato que sexa de interese para o traballo, como poden ser aqueles que fan referencia á propia xestión do traballo.

Xunto a esta capa que se elabora cos datos procedentes do traballo de campo, tamén se localizarán outras capas espaciais que inclúen a información do contorno dos bens, como poden ser, mapas topográficos, de vías de comunicación, núcleos de poboación, vexetación, etcétera.

**2. Análise e explotación da información**

Sobre os datos de partida realízanse as análises orientadas ao seu manexo, mediante o procesado de atributos lóxicos e relacionables, así como funcións aritméticas e xeométricas de tipo espacial aplicadas aos atributos. Mediante este proceso podemos realizar cartografías temáticas, o cálculo de mapas crono-tipolóxicos; cálculos de áreas de influencia; superposicións; creación de modelos del terreo (MDT), etcétera.

**3. Xeración de diferentes cartografías dos bens e contornos analizados**

A información analizada permite cubrir o obxectivo específico da elaboración de material cartográfico para a súa publicación mediante medios analóxicos ou dixitais. Este material cartográfico queda organizado como no seguinte esquema:

1. Cartografía Xeral. Mapas do contorno físicos e administrativos e distribución de Bens.
2. Cartografía Temática. Mapas por períodos culturais e tipolóxicos, establecendo diferenzas entre diversos intereses como poden ser o arqueolóxico, arquitectónico ou etnográfico. Por exemplo, mapas de protección dos bens; Modelos dixitais do terreo, que permitan a identificación de emprazamentos das actividades humanas a través da historia; Mapas de percorridos.

3.- Cartografías particulares dos Bens Patrimoniais. Para cada un dos bens creouse un modelo de ficha que inclúe o seu emprazamento e delimitación, así como todos os datos máis relevantes que permitan a súa identificación e explicación. Para aqueles bens que poden ter unha maior relevancia, elaboráronse modelos dixitais do terreo de gran escala, que permiten a xeración de modelos 3D, e a súa integración coa fotografía aérea, dando lugar a modelos realistas.

4.- Cartografía dixital. En vistas á publicación de resultados mediante medios dixitais e, en concreto, nunha páxina web, formatéase a información de xeito que poda ser integrada e publicada mediante estes medios.

O resultado xeral do traballo foi a creación de mapas que permiten o análise, descubrimento e gozo do Patrimonio Cultural do espazo obxecto do traballo.

### 2.5.2.6. Estudo do Estuario dos ríos Alvedosa e Pexegueiro

O estudo do estuario implicou:

1. Investigación histórica e etnográfica sobre a navegación pola canle do río.
2. Investigación sobre a explotación das areas dragadas do río.
3. Viabilidade técnica e necesidades para a navegación actual sobre o canle da canle de desembocadura do Río Pexegueiro.
4. Estudio histórico sobre os usos do Porto de Redondela

### 2.5.2.7. Estudo da ruta en barco pola Enseada de San Simón

Todo o traballo realizado ata este intre estaba enfocado de cara ao establecemento de rutas turísticas polo Concello de Redondela e pola Enseada de San Simón, especialmente para establecer unha ruta en barco ola Enseada.

A proposta das rutas  estableceuse en función dun estudio previo que leva:

1. Estudo administrativo e legal sobre a navegación pola Enseada, clasificación da área marítima; documentación e permisos necesarios; seguros; etc.
2. Estudo sobre necesidades técnicas para a navegación, tipo de embarcacións máis axeitadas, de cara á navegación e de cara á accesibilidade universal; rutas, zonas de atraque e fondeado; etc. Incluso posibilidades de establecer rutas en embarcacións tradicionais da Enseada.
3. Estudo sobre a viabilidade económica da ruta en barco pola Enseada e proposta de establecemento da ruta.
4. Outras necesidades para o mantemento e o complemento da ruta en barco pola Enseada.

### 2.5.2.8. Estudo doutras posibles rutas relacionadas co Patrimonio Turístico de Redondela

Como no caso anterior establecemos unhas posibles rutas terrestres arredor do patrimonio turístico estudado. Por exemplo aproveitando os sendeiros e paseos que se están a construír asociados ao Proxecto Marisma.

### 2.5.2.9. Estudo de necesidades de marketing

En relación ás rutas e as propostas realizadas no Estudio de Potenciación. Plan de xestión do proxecto.

Antes do Estudo de Marketing inclúese un informe socioeconómico sobre o concello, en referencia sobre todo aos servizos de hostalería e turismo, onde se establecerá un programa de necesidades, así como un estudo xeográfico onde se faga especial mención aos accesos e a posición de Redondela dentro da área xeográfica da Mancomunidade de Vigo.

### 2.5.2.10. Matriz DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas, Oportunidades)

Incluída dentro do estudo de marketing e en relación ao tema en cuestión, o estudio de necesidades de cara á explotación turística.